



# ATENEEO

## suplemento caderno

Ateneo Cultural Ferrolán  
 Avda. de Galicia, 210-3 Ferrol  
 15100 Ferrol  
 www.ateneocultural.org

### ESPERAMOS ACERTAR

Na sociedade actual a comunicación é unha necesidade imperiosa. A nosa visión do mundo configúrase en grande parte pola información que recibemos ao trxéves dos medios de comunicación. Sabemos como a manipulación destes medios é o instrumento máis eficaz para a alienación das persoas.

Ignorar estes aspectos por parte dunha sociedade cultural e progresista como o Ateneo é como unha forma de suicidio. Que só outros informen e valoren o que o Ateneo pensa, programa e realiza pode supoñer o risco de que a Institución, os sócios e os ferroláns en xeral teñan unha visión falsa da nosa sociedade. En definitiva, que todos sexamos, dalgunha forma, manipulados.

A Xunta directiva reconece que o tema da Comunicación cos sócios ofrece hoxe grandes deficiencias, ou mesmo carencias. Os Cadernos do Ateneo que na súa primeira época se orientaban no senso apuntado, por diversas circunstancias, —a economía fundamentalmente, xa que os últimos foron subvencionados— derivaron do informativo ao cultural. O valeiro está aí. En esta *folla* pretende vencerlo. Periodicamente será o punto de confluencia da Directiva elixida e os sócios representados.

A programación próxima, o balance activo dos actos realizados, os proxectos en marcha as opinións dos sócios e a análise da realidade cultural na súa máis ampla acepción poden ser os temas que lle dean contido e senso. En definitiva que os sócios teñan á súa disposición unha información “atenística” de primeira man.

E se isto é necesario sempre, é o máis nesta etapa do Ateneo. Nacemos nestes meses como unha Sociedade Cultural nova na súa estrutura: imos ter un grande local social. O facelo realidade é labor de todos. Non podemos ser alleos á xestión desta nosa casa. Dispomos dos espazos necesarios para facer un bon salón de actos, unha ampla biblioteca, uns servizos administrativos cómodos e o que nos propoñamos e necesitamos todos.

Por iso xurde esta *folla* como suma sinxela e con arelos de eficacia.

A data de publicación quer ser significativa: o día das letras galegas. Non se trata dun símbolo pero si dun sintoma del cál é a nosa vocación. Mais disto falaremos noutro lugar.

Esperamos acertar. Polo menos, andamos

### SUMARIO

- Esperamos acertar. Pág. 1
- O Día das Letras Galegas ¿un vezo rutinario? Pág. 2
- O nacionalismo musical. Pág. 2
- A formalidade do galego. Pág. 4
- Cine, Industria e Cultura. Pág. 5
- O movemento feminista. Pág. 6
- Os nosos vestixios arqueolóxicos. Pág. 7
- ¿Política ou Cultura?: “Esta é a cuestión”. Pág. 8
- Amado Carballo. Pág. 10

## O DIA DAS LETRAS GALEGAS ¿UN VEZO RUTINARIO?

*"Eu vexo á nosa Terra ceibe de  
vezos rutinarios..."*

(CASTELAO, *Sempre en Galiza*)


Costaríanos decir con Castelao, mellor dito, cos seus soños, que Galiza xa está "ceibe de vezos rutinarios". Costaríanos que o dezasete de maio de este ano non fose un vezo máis, un mero folklórico valeiro, sen contido.

Botar campás a voar no DIA DAS LETRAS GALEGAS, autoafirmarse, saír á rua, mercar libros, sentirse ledos ós sons da gaita... é moi bo, sempre que a nosa actitude nos outros trescentos sesenta catro días do ano estea na mesma liña.

Fai falla que cada galego día a día faga que Galiza medre, e Galiza medra non nun día, por moi significativo que sexa. Esixir, reivindicar, a nosa lingua, facer mesas redondas, conferencias e outros actos culturais, é ben pouco se despois estamos lonxe da realidade que non é có de rosa.

Os tempos son chegados de "ser ou non ser" galego. Non chega falar galego para selo, mais parece lóxico que é condición mínima sine qua non. No traballo, na rua, nas diversións, en cada momento, a nosa

lingua por diante sempre. E desde ela fagámola cultura, o traballo, a vida inteira. Deste xeito ten sentido; é vale para moito



todo acto o signo, e polo tanto, tamén o DIA DAS LETRAS GALEGAS. Doutra maneira, esta data seguiría sendo una carantoña folklórica, un vezo rutinario.

Xosé Manuel Pose Mesura

## INTRODUCCIÓN Á MÚSICA

*Duas cuestións debemos clarear ao presentar este traballo. Por unha parte, o motivo que nos impulsou a súa publicación é a importancia do tema, dentro da teoría da música nacionalista, pola carencia que hai no noso país de amplos e documentados traballos sobre o noso patrimonio étnico musical.*

*A segunda consideración é a importancia do texto do autor, editado na revista "Nós" no ano 1920 e do que é autor Xaime Quintanilla, membro da xerazón "Nós" e home vinculado a toda actividade cultural, musical neste caso.*

*Finalmente a Aula de Música entende que é unha obrigaón iniciar unha análise sobre a problemática da nosa música e o seu futuro. Sexa este traballo punto inicial para un amplo debate na tribuna do Ateneo, neste contiguo curso 1982.*

## MUSICA

### O nacionalismo musical

Ao falare do nacionalismo musical eu ben sei que polo mundo hai e houbo os Vi-

cent d'Indy e os Debussy e os Ravel, defensores do universalismo musical.

Eu xa sei que polo mundo adiante din as xentes que a música non é unha arte nacionalista, posto que o seu linguaxe é inteli-

xible pra todo o mundo, e que a obra dun francés, por exemplo, é perfectamente diáfana pra un chino. Pro eu ben sei, tamén, que os que tal din non son capaces de diferenciar a un chino dun francés.

Dise como una cousa nova isto de que a música é intelixible pra todo o mundo, coma se non sucedera o mesmo coas outras artes belas. Tamén a pintura é intelixible pra todos os que non señan cegos. O cadro de un pintor framego, poño por caso, é intelixible pra todos os que teñan ollos na cara. Pro, ¿vaise por eso a soster que non hai escolas pictóricas? ¿Vaise soster cas almas nacionais non deixaron, na pintura, asinalada a súa pouta?

Coa arquitectura e a escultura pasa o mesmo. ¿E quen confundiría aínda que falen nun linguaxe humano e universal, unha estatua grega cunha exipcia? ¿Quen non diferencia un templo budista dunha catedral gótica? Dicare pois ca música é intelixible pra todos os homes é non decire nada; millor dito, é decire unha parvada. Ise linguaxe universal fala dun xeito nas «Danzas Noruegas» de Grieg e doutro diferente nas «Españolas» de Granados. O noruego entende isas e o español entende aquelas. Pro, ¿quén dúbida que falan de xeito diferente? ¿Quen pode confundire o noso alalá cunha malagueña? ¿Quen pode por en tea de xuicio que na música choutan, fortemente vivas, as almas dos pobos en formas diversas e que a música é, por excelencia, unha arte fundamente nacionalista? ¿Quen pode deixar de sentir que entre o noso máis cativo alalá e a música «sabia» de moitos modernos —sébase que eu non vou nin moito menos contra do modernismo— hai una punta infranqueable: que fronte ao recendo, ao aroma do canto saído das entranas mesmas da nacionalidade, a música feita sin sentemento, de calquera formiga de Conservatorio, é unha parvada, —todo o sabia que queirades— mais sin o perfume alumiante do cantar do pobo?

Pedrell —o musicólogo catalán, conocido como ben sabedes en toda a Europa— pregúntase a sí mesmo na súa obra «Lírica nacionalizada» cómo é posible que unha nación tan rica como España en cántigas populares, non deixara un soio acento, ¡un soio! nun canto enxebremente nacional; un soio acento por cativo que fora, dendes do punto de vista musical. E Pedrell non atopa

coa resposta. E a resposta é crara, a resposta é lostregueante. E que a España non é



XAIME QUINTANILLA, AUTOR DISTE TRABALLO DIRIXIU A COLECCION DE NARRATIVA "CELTIGA", PERTENCEU A XENERACION "NÓS", ALCALDE SOCIALISTA DO FERROL, PATRIOTA GALEGO FUSILADO

unha nación, senón un feixe de nacións. E que a España poderá sere un Estado, unha allada política, o que queirades; pro non é unha nacionalidade. A FORMA POLITICA ESTADO NON E NIN PODE SER DETERMINANTE DE ARTE ALGUNHA.

Outro carácter, a unha veira o modal é diatónico, da música vella é o ritmo. O ritmo musical é silábico; nel, a música supeditase enteiramente á letra, e a prosodia é a dona do ritmo: ao que chámase, técnicamente, "ritmo libre".

A nosa música tén, precisamente, ises dous caracteres da música antiga: é, coma ela, diatónica e de ritmo ceibe. E istes dous caracteres non os tén ningunha outra da Iberia. Nós temos, pois, un nacionalismo musical.

Un problema que preséntase a todo diligente folklorista, a todo músico "honrado", é a armonización de música popular. E eu coído que hai que ter en con-



ta un principio que penso incommovible, prá armoniación da música nacional dun pobo. Iste principio é a harmonía propia dos instrumentos propios. Porque si é certo —e eu coido que sí— que a música existe máis ben no espírito humano, coma principio armónico que coma principio melódico; certo será, tamén, que o pobo que fixo determinados instrumentos con escadas determinadas, tiña, no seu espírito, un principio ar-

## A FORMALIDADE DO GALEGO

Un idioma é un código de comunicación, e como tal, o resultado de experiencias vividas e compartidas, quer dizer, un conxunto de signos comuns procedentes de múltiples recoñecimentos, asimilacións e operacións diversas que van corresponder ao que logo chamaremos pobos e culturas; termos ben ambiguos e ben restrinxidos que nunca logran decantarse nen psicolóxica nen morfolóxicamente con riscos definitivos. Os idiomas, os pobos, as culturas, son tais só en canto os concienciamos nunha universalidade, e non por separálos e isolálos en función do antagonista de enfrente. Aos galegos, nesta hora, decrecente xa de febres diferenciatorias, interézanos buscar a nosa posición co mundo, máis que unha ubicación nunha desas áreas socio-políticas que ao cabo veñen non significando nada. Reserva máxica de ocidente, como diría Sánchez-Drágó, hades, finis-terrae, baluar-



te atlántico? Talvez por aí, ou polas rutas do Grial, como quixera Risco, ou talvez tumba, coba xa definitiva dos mistérios e dos ritos no enterro sen honra das europas. Talvez por aí ou tal vez por acolá. Mais agora falemos dos signos.

Ainda collendo con pinzas a palabra cultura, os galegos temos no noso devalar e debullar vitais síntomas certos de colectivi-

mónico tamén específico. A zanfoña e a gaita foron creadas, coas súas escadas respectivas, porque o pobo galego tén na sua alma armonías que, abertas, descompostas nas súas notas componentes, daban isas escadas:

XAIME QUINTANILLA  
O Ferrol, 1920  
(Publicado na revista "NOS")

dade psicolóxica —dicer humana sería entrarmo-nos en socioloxismos—, que nos caracterizan e nos marcan. Temos, usando outras palabras, unha formalidade específica, produto do que sexa, e que en certa maneira se reflexa —ou tería que reflexar-se— no teatro. Da mesma maneira que nas españas nos identifican aos galegos polo acento, a cadencias, a construción lingüística, o humor, o circunlóquiu, o noso teatro, fóra costumismos e servilismos populistas, cando se fai unha comédia extranxeira, por exemplo, traducida ao galego, en boa lei tería que delatar a orixe dos artistas recreadores, e non só polo idioma empregado —tanto mal galego, deus, tanto castellano traducido nos nosos escenarios— mais pola frecuentación da propia idiosincrasia, val dicer, polo ritmo, o fonema, o movemento e o tempo, e non me meto en máis fonduras, que a miña proposta non é enxebriar a experiencia allea, e si e moito procurar unha vía de reflexión para que as experiencias sexan ou se fagan verdadeiramente propias. A tendencia, explicábel, por suposto, do noso teatro, de seguir ao que se fai en castelán, nunca vai ter recurso de contrapartida no inventario de xestos, pantominas ou sainetes das chamadas esenciais populares. Un teatro non se mantén indefinidamente de raíces; as raíces criáanse en cada época, todos somos criadores de raíces, iso non ten nengun mérito nen exige unha especial conciencia. O teatro mantén-se de vida, de tempo, de comunicación, de tradición, entendasame ben, de tradición que é lealtade, unha virtude moi en baixa. A arte, dicía Craig, non adoita imitar á natureza, senón á arte. E é na arte onde a lealtade máis se manifesta, onde é menos posíbel delinquir sen que se note. Que unha cousa é ser orixinal, e outra é ser caprichoso, extra-vagante, gratuito.

Pois ben, a iso apelo, á orixinalidade, que non é repetir os esquemas das festas populares —para-teatrais— ou a fala paifoca do sainete chocalleiro —e imitado de malísimos modelos madrileños— mais á orixinalidade que ven significando proce-

## CINE, INDUSTRIA E CULTURA

### • Notiñas e disquisicións para meditar

A produción e máis a realización en Galiza de 5 películas de corta-metraxe en 35 mm., 12 de 16 mm., 1 de longa-metraxe (75') en 16 mm. e incuantificábeis super 8, a aparición, no seu momento, da figura de dous produtores con vocación de tais, a recente constitución dunha empresa produtora-distribuidora-exhibidora, a celebración de 6 edicións das desaparecidas e tan relembradas *Xornadas de Cine, en Ourense* (xaneiro 1973/78), da *I Mostra Xeral do Cine Galego* (A Coruña, xullo 1977), de inusitado éxito, da interesante *I Mostra do Cine das Nacionalidades* (A Coruña, agosto/stbro. 1979), do *I Certame de Cine Galego, de O Grove* (xuño 1980), de triste recordación, ademais de moitos outros eventos, a saída na prensa de variopintos traballos xornalísticos sobre do tema, a celebración de mesas redondas, conferencias, etc., podería facer crer a máis dun despistado na existencia dunha cinematografía galega. Nada máis lonxe da realidade.

Así e todo o pior disto non é que non exista un cinema galego. O realmente magoante e lamentábel é que a maioría da xente que hoxe se move no terreo da cultura (falo dos de sempre, independentes ou dentro de partidos, pero ideoloxicamente á esquerda, e non, por descontado, dos advenedizos de última hora, moitos deles en postos oficiais e, loxicamente, pensantes de dereita; o que ven ser aínda máis terríbel) non considera de gravidade a inexistencia dunha cinematografía autóctona.

O que disto se deduce é de relumbrante claridade: dificilmente se poderá articular proxecto nengun entanto non se vexa a necesidade de o facer. Por descontado que unha cinematografía non se edifica samente con bons proxectos; cumpre inversión económica, axuda administrativa, un regu-

dencia, identificación cos temas, e, por suposto, funcionalidade, quer dicer, coñecemento dos usos e os fins do material tratado.

MANUEL LORENZO

Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

Fundado en 1879

lamento do sector (distribución e principalmente exhibición) serio, coherente... Pero, en todo caso, son imprescindíbeis proxectos previos que, loxicamente, virán dados por unha predisposición mental e por un sentimento de necesidade da presenza dese cinema producido e máis realizado con infraestrutura e capital galegos.

O anteriormente dito non quer significar, como equivocadamente se podería interpretar, que os únicos e directamente culpábeis da inexistencia dun cinema galego sexan precisamente os que, desde tempo, veñen —vimos— traballando no ámbito cultural. Mais temos a nosa grande parte de culpa.

Non abonda con actitudes de boa vontade e de equívocas e relixiosas entregas á causa cultural. Cumpre ter coñecimento fondo e miúdo do terreo no que nos estamos a mover. O non o facer así supón caer nun groso erro de política cultural de graves consecuencias.



O cine, como a maioría das manifestacións culturais de hoxe, está sustentado na existencia dunha infraestrutura de carácter industrial. Resulta inexplicábel, e por suposto inaceitábel, como aínda hoxe segue a haber xente que, movendo-se no quefacer cultural, con grandes responsabilidades en moitos casos, considere como termos antagónicos *cultura e industria*, cando son dous conceptos estreitamente unidos.



Non se pode falar hoxe de cultura sen falar de industria. A produción e o espallamento cultural hoxe veñen directamente condicionados pola estrutura industrial que os sustenta. Non se poden seguir fabricando produtos culturais a altos costes, que despois non van ter repercusión, ou en todo caso moi pequena, nos hipotéticos destinatarios. Precisa-se esquecer esquemas caducos, trasnoitados, estupidamente románticos e populistas, que non levan a ningures, ou, o que é peor, que nos levan a nos mergullar nun esterco cultural que xa comeza a alcatrear, e co que moitos *espabiladillos* acabarán estrando a corte na que asentarán os seus reais.

Producir e máis espallar cultura supón un esforzo e un traballo considerábeis. Esforzo e traballo que hai que realizar adecuadamente. E ridículo, grotesco, parvo...

## "O MOVIMENTO FEMINISTA"

*A Vocalía de Ciéncias e Humanidades iniciou neste curso un novo ciclo sobor "A Muller na Historia: cincuenta anos de voto feminino", sendo moi ben acollido polas feministas e homes interesados nos temas a debater.*

O feminismo coma movemento social e político, iniciábase no derradeiro tercio do século XVIII, máis concretamente, a partir da Revolución Francesa. Con tudo, a polémica a favor e contra da muller, é xa importante na Edade Media. Nos séculos XVI e XVII será un período de estancamento. No noso país a partir do XIX configúrase como tal.

Non foi un feminismo adicado ao feito, coma no caso inglés ou norteamericano, senón do espallamento teórico da loita común de todas as mulleres. Nestes momentos, son importantes os traballos de Gertrudis Gómez de Avellaneda, Concepción Sanz de Otero, María Espinosa, Victoria Ocampo...

Máis, qué entendemos por feminismo?


A toma de conciencia das mulleres coma colectivo humano da opresión, subordinación, que foron e son obxecto por parte do colectivo de varons, no seo do patriarcado, baixo as distintas fases históricas do modelo de produción, o que as move á acción para liberación do seu sexo, con todas as transformacións da sociedade que aquela requira.

levar un traballo para ao cabo non obter rentabilidade cultural, ideolóxica, política, económica, nengunha.

Cumprir montar estruturas que posibiliten a fabricación de produtos culturais aos costes axeitados e a distribución dos mesmos nas mellores condicións económicas e de receptividade. Hai que facer mercado cultural. Hai que construír proxectos culturais sérios que respondan a unha política cultural séria e planificada. O resto serán ristas de actividades, mellor ou peor organizadas, na maioría dos casos *no cabodano de..., en conmemoración de..., polo día das...,* tranquilizadoras e autoxustificativas, mais sen maiores consecuencias de cara á normalización cultural. Botes de fume, de cores se se quer, pero fume en definitiva.

MIGUEL CASTELO

Non podemos esquencer mulleres, galegas, que deixaron pegada no agro feminis-



ta, coma Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán.

De Concepción Arenal, loitadora infatigábel é coñecida a súa asistencia á Universidade, disfrazada de home. Publicou numerosos artigos e libros sobor a condición feminina: "A muller do porvir" (1861) entre eles. Co seu estilo direto e case pedagóxico, tenta convencer coa razón, das inxusticias da que é obxecto a muller. Foi Visitadora de Cárceres de Mulleres. O mesmo que Emilia P. Bazán, foille refutada a súa entrada na Real Academia por... ser muller.

Emilia P. Bazán, foi unha autodidata, literariamente adita ao naturalismo, exercitou tamén o periodismo. Participou nas polémicas sobor feminismo da época sobresaíndo as que citan o dereito ao traballo, igualdade de oportunidades, a educación da muller. Participou no Congreso

## SECCION DE ARQUEOLOXIA

Non é a primeira vez que o Ateneo Ferrolán se dirixe á opinión pública e aos medios de comunicación para facer unha chamada en favor da salvación do noso patrimonio artístico e dos xacementos arqueolóxicos.

A Vocalía de Arqueoloxía do Ateneo Ferrolán ten denunciado en determinadas ocasións a desfeita de xacementos arqueolóxicos da nosa bisbarra e ten medo de que estes feitos se podan repetir no futuro pola falla dunha toma de postura séria e consciente das persoas directamente responsábeis da conservación e salvación do noso patrimonio cultural.

Vivimos nunha zona que está a desenvolver a bon ritmo o seu proceso urbanizador; algúns concellos elaboran plans urbanísticos nos que confiábase fosen tidos en conta estes aspectos arqueolóxicos; mais estamos vendo que non é así, e que, excepto nalgún caso aillado, non foron tidos en consideración no momento de elaborar o plan, co que os perigos pra estes xacementos arqueolóxicos seguen sendo os mesmos e cecáis maiores.


A bisbarra ferrolá é unha das máis ricas de Galiza desde o punto de vista dos seus vestixios arqueolóxicos; atópanse representadas nela todas as etapas da nosa Pre-Historia desde a Paleolítica á Baixa Roma-

de Pedagogía de 1892 co tema: "A educación do home e da muller: a súa relación e diferéncia", da que recollemos o seguinte: "...os sofistas que da forzan derivan o dereito, foron hábiles neste caso apoiando sumisión da muller todo un sistema metafísico sexual, pois a forza non consegue, máis que a sumisión temporal e o asentimento perpetuo obtéñese dando a violencia e a servidume cor de obriga e virtude".

A problemática feminista é descoñecida ou ignorada, e coidamos que estas charlas e os próximos artigos que poidan saír neste cuaderniño, agora de carácter extraordinario, celebrando a data das "Letras Galegas" trace un pouco de claridade sobor a toma de conciencia das mulleres e a conseguente creación e momentos actuais do Movemento Feminista.

Un saúdo

nidade suliñando, como é normal en Galiza, a etapa castrexa da que Ferrol conta con magníficos exemplos de castros tanto costeiros coma do interior. As obras públicas e privadas, as repoboacións forestais mal programadas, as excavacións furtivas, etc., teñen contribuído á perda de moitos xacementos e outros están en grande perigo de destrución. O Ateneo Ferrolán fixo o esfro-



CASTRO DE PUNTA TARAZA • XII-81

zo de confeccionar unha Catalogación Arqueolóxica da zona próxima a Ferrol que abrangue á área da Mancomunidade da Ría; nela recóllense interesantes aspectos da súa arqueoloxía e a principal finalidade é a de servir aos Concellos para que percuren, na medida do posíbel, salvar o meirande número de xacementos evitando as destrucións inútiis coma as tan recentes de Ancos, Punta Taraza, etc.



Que este día das Nosas Letras nos faga reflexionar encol da tremenda responsabilidade, de cara ás xeracións futuras, da

destrución dos vestixios do noso pasado que, de non poñerlle remedio, podería ser irrecuperábel.

## “¿POLITICA OU CULTURA?:

### ESTA E A QUESTION”

Un dos xeitos para desprestixiar a nosa Entidade, para darlle as costas, e que non facemos Cultura, que facemos Política. Como se a Política fosa algo noxento, que non debemos misturar coa Cultura. Esquécense do sabio Aristóteles cando definía ao home “animal político”. ¿Facemos Política? ¿Facemos Cultura?

Hai unha fórmula que di que a Política é resultante da Sociedade mais a Economía ( $S + E = P$ ). Nunca Política mais Sociedade o Política mais Economía equivalen a nada.

Así pois, toda Sociedade ten a súa Política. Agora ben, e tamén o descubriron os gregos (Heráclito), esa Sociedade está en continuo cambio, en loita constante consigo mesmo; no seu interior xurden forzas antagónicas que a fan camiñar. Toda Cultura é reflexo desa loita, das desemeillantes políticas que loitan no seo de calquer Sociedade.


O noso Ferrol ten diversas políticas culturais, como reflexo dunha comunidade en loita, pois é Sociedade viva. Todos facemos Política. A Política cultural dacordo cos nosos intereses.

A Política cultural do “ATENEO” pode desacougar porque non incide en temas xulgados transcendentales: certos homenaxes, certos persoeiros, certas datas. Non, o “ATENEO” quere ser fiel ao tempo histórico que lle tocou vivir. Como ten dito J.P. Sastre: “Nunca se é mais grande que cando somos fieis ao tempo que nos tocou vivir”.

Así, os “santóns” de sempre esgázanse as vestimentas cando a nosa teima e sobor a “Cuestión Nacional”, o Exército, a Masonería, a Muller, a Marxinación, problemas de urbanismo, e tantos que inquietan para achegar a unha nova Sociedade.


E mais, cando abordamos a figura de Mozart, como foi na teima da Masonería,

non é de xeito neutro, mais lonxa do ben e do mal, como se a Música non tivese nada que ver coa Política. Non, para nós Mozart foi un home adiantado, e o noso interés, o



da Sociedade actual, é que Mozart desexaba un mundo mellor. E así, cada día, as pescudas vanno vendo mais claro.

Esta é a nosa Política. Que non debemos confundir coa Política de Partido. Estes son outros “lópeces”.



NOVO LOCAL SOCIAL DO ATENEO:  
Rúa Magdalena, 202-204



# LOIS AMADO CARBALLO

O establecer un día do ano adicado a un autor provoca, polo menos entre os estudiosos, un desexo de coñecemento, que soe xeralizarse. Conferencias, publicacións da súa obra, antoloxías, algun estudo circunstancial enchen un mes conmemorativo. Durante algun tempo os libros surxidos na efemérides manteñense nas librerías pra se converter ao pouco tempo en material para bibliófilos. Así pasa ano tras ano. Mais nesta ocasión o poeta seleccionado non tuvo a mesma sorte. Ou o día das Letras galegas perde o seu fervor conmemorativo, ou o autor a lembrar non ten poder de convocatoria suficiente.

Como é sabido, o autor elixido neste maio, foi *Lois Amado Carballo*, un mozo pontevedrés que morreu no 1927 cando viña de cumprir 26 anos.

Trátase logo dun literato que fina na mocidade, dun home que trataba de facerse, dun poeta que comenzaba a selo. E todo isto dito sen o menor ánimo peiorativo. A súa obra é inacabada polo lo prematuro da súa morte.

Mais o que fixo —o contiño “Maliaxe”, a súa novela curta “O pobres de Deus” e outros pequenos artigos en prosa así como os seus libros de poemas “PROEL” e “O GALO”— foron dabondo para facelo figurar, por méritos propios, nunha Historia de Literatura galega. E por varias razóns:

- Por optar pola lingua galega. Non podemos esquecer que as letras galegas sonno polo idioma que utilizan. Ignoralo sería desvirtuar o sentido da data: festexar a aparición do primeiro libro escrito en galego despois de varios séculos de silencio literario: “Cantares gallegos” de Rosalía.

- Demostrar que a lingua e cultura galega están en consonancias coas correntes universais. Amado Carballo é, desde Galiza, un vanguardista europeu, igual como o

foron nos seus primeiros libros os autores da xeración do 27 castellana, da que é coetáneo. O seu imaxinismo —utilización de imaxes para representar o mundo— ten con todo, unha característica especial: a toma dos seus elementos imaxinarios da realidade concreta galega —o ambiente, o campo, o mar—. Non existe case nunca na súa poesía o home, mais os elementos rurais ou mariñans humanízanse constantemente.

- Outra nota destacábel será que, contra os “ismos” dos anos vinte, mantén nos seus versos, nas estrofas e nos ritmos da tradición galega.

Iniciase unha escola literaria galega “A xeración do 25” que lle rende a homenaxe da súa imitación.

A estes poderíamos engadir outros motivos, pero cremos que é dabondo para demostrar que o autor merece ser lembrado.

E tamén ser estudado, aínda que isto último non sucedeu polo menos a escasos días do 17 de maio.

Acabamos estes apuntes facendo as mesmas consideracións que Méndez Ferrín na introdución á obra súa, Luis Amado Carballo: “Obras en prosa e verso”. Prólogo de X.L. Méndez Ferrín. Edicións Castrelos. Vigo 1982. Colección Pombal. ¿Cál sería o Amado Carballo asimilado á revolución surrealista? ¿Cómo sería o Amado Carballo posterior o Frente Popular, a guerra civil, é guerra mundial, dialécticamente debuzado na anguria? ¿O Amado Carballo traído de fución polos esgazantes feitos históricos que obrigaron a Dámaso Alonso a escribir “Hijos de la Ira” a Aleixandre “Sombra del Paraíso” a Pimentel “Cunetas”?

Nunca o saberemos. Foi un poeta do seu tempo e se a morte non o desmontara nos seus primeiros intentos como poeta, posibelmente tamén o fora do noso.

# ANTOLOXIA (LOIS AMADO CARBALLO)



Midi le juste y compose de feux.  
La mer, la mer toujours recommencé!

Paul Valéry  
*Cimetière marin*

## SOL-POR

Acorado e roibo  
durmíase o día,  
coa testa deitada  
no colo da ría.

As campás beatas  
no ceo bulían  
rezando rosarios  
á Virxen María.

Bogando nas nubens  
cara ó ceo fan  
envoltas nos ouros  
do sol que morría.

Polo mar, as velas  
eran folerpiñas,  
que da lúa aberta  
nas agoas caíran.

Da beira do río  
chegaban cantigas,  
choutando nas leiras  
molladas de risas.

Preto do hourizonte,  
estrelas obrizas  
frotaban os ollos  
tirando a perguiza.

E bicando os lonxes  
as foulas ispidas  
ó alén nevaban  
de limpas surrisas.

Un outo aturuxo  
voando fuxía.  
E os bosques lonxanos  
noite revertían.

## AS CANTIGAS DO BERCE

Un carrizo namorado  
afogóuse nun lucelro;  
chora o monte i a campía,  
de loito vestiuse o vento.

Como un paxariño horfo  
nas mans morréuseme o día,  
arrecheguéino ao meu peltó  
por ver si lle daba vida.

Vaite choiva e vente sol  
que imos a xogar á leira  
co moneco bonitiño  
que meu pai trouxo da feira.

Aquel berce está valeiro  
i a nalcíña anda a chorar,  
o meniño está no ceo  
coas estrelas a brincar.

A campía escurecida  
chora tremando co frío,  
a probiña quedóu horfa  
que o día afogóu no río.

Para  
musica



## MARINEIRO

Era un peixe e ficou presa  
a túa ollada sangal  
no aparello do hourizonte  
sin poder ir máis alá.

Pigoreiro  
das mansas foulas  
que borracho de lúa estás,  
nos teus ollos debalan os lonxes  
como as foulas no horfo areal.

No Stadium do mar aberto  
sintindo a marea ampear  
ganache o Derby do vento,  
Jockey en foulás pur sang.

Mariñeiro  
—poeta das ágoas—  
o teu remo bravo e lanzal  
escribí unha estrofa na ría  
para un canto de libertá.

Teu corazón ao garete  
algún día ancorarás  
nos portos sentimentales  
que treman no teu ollar.

Mariñeiro  
de ollos viaxeiros  
—Irmandado co temporal—  
o proel ispido da canzón túa  
no argazo balbo foi aniñar.

Nunha noite de galerna  
os ventos atoparán  
como unha cruz, teu cadávre  
nas mans vludas do mar.

## O GALO

Abrelle as portas ao día  
coa chave do teu cantar  
que xa na fonte da Lúa  
está lavada a mañán.

Bótalle o teu aturuxo  
á paisaxe dende o val  
que o gran balbo das estrelas  
cairá serodío no mar.

O campo cheo de frío  
busca un anaco de sol,  
alcéndelle unha fogueira  
co lume da túa voz.

## SAUDADE (musicar)

Meniña, pecha a fiestra,  
non deixes á noite entrar;  
para tebras ben abundan  
éstaras que comigo van.

O vento anda espenuxado  
oubeando como un can,  
e na zanfona do bosque  
salouca un tolo cantar.

Qué arelas tan fondas sinto  
de deixala alma vagar,  
de perdelo corazón  
como unha dorna no mar.

Este fondo mal que eu teño  
ninguén mo pode sandar;  
a miña alma no ensono  
por vieiro iñorado vai.

É o herdo da nosa raza  
esta mágoa de ideal;  
sentir remotos degolros,  
chorar sin saber o mal.

Meniña... pecha a fiestra,  
non deixes á noite entrar;  
para tebras ben abundan  
éstaras que comigo van.



Ateneo Ferrolán  
un lugar de encontro para a cultura  
Fundado en 1879  
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol  
www.ateneoferrolan.org